



C O N C E L L O  
D E  
36670 CUNTIS  
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución  
Teléfono 986 54 80 05

**BASES PARA SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO-OPOSICIÓN DE VINTE  
PRAZAS DE PERSOAL PARA OBRAS E SERVIZOS ADMINISTRATIVOS EN  
RÉXIME DE CONTRATO LABORAL TEMPORAL.**

**PRIMEIRA.-** OBXETO: A provisión de vinte postos de persoal laboral temporal, ao amparo do disposto nas Bases do Plan de Conservación e Funcionamento de Bens e Servizos Municipais 2015 da Deputación de Pontevedra, publicadas no BOP número 1 do día 2 de xaneiro de 2015.

Os postos de traballo que se ofertan son, 1 condutor operador para movemento de terras, 1 operario de maquinaria forestal con motor, 2 canteiros de construción, 3 albaneis, 2 varredores, 7 peóns de obras públicas, 1 auxiliar administrativo e 3 administrativos/as.

Os contratos a realizar terán unha duración de seis meses e serán a tempo parcial de 25 horas semanais, de luns a venres. O persoal contratado estará suxeito durante a súa relación laboral á normativa sobre incompatibilidades prevista para a función pública (Lei 53/1984, do 25 de decembro); realizándose un contrato baixo a modalidade de : “Contrato por obra o servizo determinado de interese social ”, regulado en el artigo 15.1.a del Estatuto de los Trabajadores.

A retribución mensual de cada contrato é de 502,15€ para todo o persoal de obras, de 795,54€ para o persoal administrativo e de 684,98€ para o auxiliar administrativo

**SEGUNDA.-** As obras e servizos a realizar son os que se menciona na memoria de solicitude da subvención que se presentou a Deputación de Pontevedra, denominadas “ **MELLORAS EN ESPAZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS E APOIO A SERVIZOS ADMINISTRATIVOS**” e cuxa descrición figura no anexo I destas bases.

O período previsto no que se realizaran irá dende o 15 de marzo de 2015 ata o 15 de setembro de 2015.

**TERCEIRA.-** Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles tanto a data de selección como no da formalización do contrato de traballo e que estean debidamente xustificadas:

- a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 da Lei 7/2007, de 12 de abril, Estatuto Básico do Empregado Público.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.
- c) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, se é o caso, da idade máxima de xubilación forzosa. Só por lei poderá establecerse outra idade máxima, distinta da idade de xubilación forzosa, para o acceso ao emprego público.
- d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para

empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

- e) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar dispoñibles para o emprego, e non percibir ningún tipo de prestación contributiva. (Artigo 11. 1. das bases)

**CUARTA.- PROCEDEMENTO:** Dada a necesidade, segundo resolución reguladora, de contratar con traballadores “desempregados e inscritos como demandantes de emprego non ocupados e non perceptores de prestacións contributivas”, o Concello solicitará ao Servizo Público de Emprego de Galicia unha relación de posibles candidatos, indicando data, hora e lugar para proceder ao inicio do procedemento de selección de candidatos/as.

As persoas interesadas poderán consultar as presentes bases dende o momento en que se faga a petición de candidatos/as a Oficina de Emprego, que estarán expostas no taboleiro de anuncios do Concello de Cuntis e na paxina WEB do Concello.

Entenderase iniciado o proceso de selección no momento en que se soliciten os/as candidatos/as a Oficina de Emprego da Estrada, xa que a primeira parte da selección a leva a cabo este organismo. Cando a oficina de emprego remita os listados coas persoas preseleccionadas para cada posto de traballo estes rexistraranse no Concello, e entenderase por feita a solicitude para participar no proceso de selección.

A selección realizarase mediante a modalidade de concurso-oposición na que os méritos e as capacidades dos concursantes valoraranse mediante a realización de determinadas probas. Tamén se terán en conta as circunstancias persoais de cada candidato/a, segundo o baremo que se recolle nestas bases.

Recibidas ás persoas candidatas, procederase á realización dunha proba teórico-práctica relacionada coas funcións do posto a desempeñar.

A puntuación máxima obtida na proba teórico-práctica será de 4 puntos e a obtida polas circunstancias persoais será de 2 puntos.

**QUINTA.- Valoración de méritos**

**1º Realización de proba teórica. Puntuación entre 0 e 4 puntos**

Para o persoal de obras esta proba teórica consistirá nun cuestionario tipo test con 20 preguntas, cunha puntuación de 0,2 por cada resposta correcta, non descontaran as respostas incorrectas. A puntuación máxima obtida na realización desta proba será de 4 puntos. Para a realización desta proba os/as candidatos/as disporán dun tempo máximo de 30 minutos.

Para o persoal administrativo a proba consistirá na resolución de 20 preguntas relacionadas con diferentes cuestións de carácter administrativo. Os/as candidatos disporán de 30 minutos para a súa realización. A puntuación será de 0,2 por cada resposta correcta, non descontaran as respostas incorrectas. A valoración será entre 0 e 4.

No caso do persoal que teña que manexar algún tipo de maquinaria a proba consistirá no manexo dalgunha desa maquinaria e valorarase a destreza no seo manexo, seguindo as instrucións do persoal encargado das obras. A valoración será tamén entre 0 e 4 puntos.



C O N C E L L O  
D E  
36670 CUNTIS  
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución  
Teléfono 986 54 80 05

2º Circunstancias persoais. Puntuación entre 0 e 2 puntos.

De entre os/as candidatos/as que obtiveran as tres mellores notas por cada posto de traballo que se convoca, na fase de valoración de méritos, e manifesten que concorren circunstancias persoais a valorar, seguiranse os seguintes baremos:

2.1- Permanencia en desemprego: Acreditarase con certificado da oficina de emprego

2.1.1 Menos de seis meses..... 0,2 puntos

2.1.2 Entre seis meses e un ano,,,,,,,,, 0,5 puntos

2.1.3 Mais de un ano..... 1,0 puntos

2.2- Cargas familiares: Acreditaranse cun certificado de convivencia. Si este documento o emite o Concello de Cuntis non será necesario presentalo.

2.2.1 Quen teña fillos/as menores o seu cargo, ou maiores discapacitados. Por cada fillo/a ou maior discapacitado 0,2 puntos. Máximo 1 punto

Unha vez valoradas as probas e as circunstancias persoais proporanse aos candidatos/as para cada posto de traballo en función das puntuacións obtidas. O resultado comunicáraselle persoalmente as persoas seleccionadas e o resto poderá consultar os listados coas puntuacións no taboleiro de anuncios do Concello.

No caso de empate, terase en conta por orde de prelación:

1. Quen teña nivel de renda mais baixo. Xustificarse con calquera documento que acredite de forma fidedigna os ingresos.
2. Quenes non foran contratados polo Concello de Cuntis o abeiro deste programa no ano 2014

**SEXTA.-** O Tribunal, que terá como funcións a avaliación dos méritos aportados polos aspirantes e a realización da entrevista proporá á Presidencia o/a aspirante máis idóneo para a súa selección, e estará integrado polas seguintes persoas:

Presidente/a: A/o Secretaria/o do Concello de Cuntis. Ou persoal funcionario ou laboral en quen delegue.

Secretario/a: Un funcionario da Corporación ou persoal laboral que actuará con voz e voto.

Vocais:

O Interventor do Concello.

O axente de emprego e desenvolvemento local.

O encargado de obras do Concello.

O Tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza como mínimo de tres dos seus membros con dereito a voto, titulares ou suplentes indistintamente, sendo imprescindible a presenza do presidente e a/o Secretaria/o.

O Tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación. Tamén decidirá sobre como proceder nos casos non previstos nas presentes bases.

SETIMA.- Os candidatos que obteñan mais puntuación, na suma dos apartados anteriores, serán os que ocupen os postos de traballo convocados. Crearase un sistema de reserva en función das puntuacións para cubrir as posibles baixas nos contratos obxecto de esta convocatoria.

OITAVA: Os candidatos seleccionados deberán incorporarse ao posto de traballo nun prazo de catro días hábiles dende a data na que se lles notifique o resultado.

Cuntis, 19 de febreiro de 2015.  
O Axente de Desenvolvemento Local,  
José Antonio Sánchez Estévez

## ANEXO I

### **MEMORIA: PLAN DE CONSERVACION E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS 2015.**

DENOMINACIÓN DA OBRA E SERVIZO:

#### **MELLORAS DE ESPAZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS E APOIO A SERVICIOS ADMINISTRATIVOS**

Polo que respecta as melloras nas infraestructuras municipais, levaranse a cabo actuacións sobre determinadas zonas ,que actualmente presentan un maior nivel de necesidade deste tipo de traballos de acondicionamento e mantemento. O obxectivo primordial do Concello, mediante a realización desta obra, consiste na mellora das infraestructuras municipais existentes. Tratándose polo tanto dunha obra de utilidade social que contribúe no benestar de tódolos veciños e veciñas que utilizan e disfrutan destas infraestructuras.

Ademais preténdese contribuir na creación do emprego, reinserción no mercado laboral e polo tanto no desenvolvemento económico local. Asimesmo ao tratarse de operarios ou peóns, estase a favorecer a contratación de persoas con mais dificultades de inserción laboral debido á súa baixa cualificación e,



C O N C E L L O  
D E  
**36670 CUNTIS**  
(PONTEVEDRA)

Praza da Constitución  
Teléfono 986 54 80 05

tamén se teñen en conta aquelas persoas que teñen niveis de ingresos menores e que non sexan perceptores de ayudas de carácter contributivo.

- Solicítanse para a realización desta obra un total de dezaseis (16) traballadores/as nos postos de: **1 CONDUCTOR- OPERADOR DE MOVEMENTO DE TERRAS, 1 OPERARIO DE MAQUINARIA FORESTAL CON MOTOR, 2 CANTEIROS DE CONSTRUCCIÓN, 3 ALBANEIS, 2 BARREDORES e 7 PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS**

As actuacións previstas son as seguintes:

- Eliminación de maleza en zonas de paseos para disfrute de veciños e visitantes.
- Reparacións en canalizacións de augas con fugas e ou obstrucións.
- Limpeza e reparación de elementos de mobiliario urbano do Concello: bancos, papeleiras,...
- Reparación de beirarrúas deterioradas, adaptando aquelas que aínda non o están para a súa utilización por minusválidos.
- Limpeza e adecentamento, (desbroce), de pistas das distintas parroquias do Concello.
- Mantemento e control a levar a cabo nas diferentes depuradoras das que dispón o Concello.
- Acondicionamento dos arredores dos edificios e infraestructuras municipais: campo de fútbol, concello, pavillón municipal, centro de formación, casa de cultura, auditorio, ..

Polo que respecta a prestación de servizos de carácter administrativo dende as dependencias municipais, tratase de contribuir a mellorar a asistencia os cidadans que acuden ao concello a realizar diferentes trámites de carácter administrativo, reducindo os tempos de espera e axilizando os procedementos administrativos que de forma directa e indirecta repercuten no benestar da cidadanía.

Para levar a cabo estes servizos de apoio administrativo procederase á contratación de **3 ADMINISTRATIVOS e 1 AUXILIAR**, , que entre outras levaran a cabo as seguintes funcións:

- .- Apoio a servizos relacionados co rexistro, notificación e tramitación de expedientes administrativos de diversa índole, que son competencia da administración local, tales como solicitudes e expedición de certificados de convivencia, empadramento, relacionados coa vivenda, taxas municipais etc.
- .- Colaboración cos diferentes departamentos do Concello, prestando axuda na tramitación de expedientes específicos relacionados coas competencias de cada departamento en cuestión, servizos sociais, urbanismo, secretaria, intervención etc.

As obras e servizos terán unha duración prevista de seis meses e a contratación será a tempo parcial, sendo a xornada semanal de 25 horas. As datas previstas de inicio o 15 de marzo de 2015 e finalización o 15 de setembro de 2015.

Cuntis 15 de xaneiro de 2015.

O alcalde,

Antonio Pena Abal.